



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 8 DE MARZO DE 2012.-

Sres. Asistentes: Sr. Alcalde: D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. Sres. Concelleiros: D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZA BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D^a MARIA MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO.: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e vinteun minutos do día oito de marzo de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
---	--

PUNTO NÚM. 1.- ORZAMENTO MUNICIPAL 2012

O Presidente toma a palabra para exponer o único punto da orde do día, os orzamentos municipais 2012, afirmando que se puxo en coñecemento dos portavoces dos grupos municipais a semana pasada e que en consecuencia levase hoxe a pleno, e engade que o grupo de goberno quere poñer de manifesto que se trata dun orzamento que ten en conta a actual situación que están a padecer todas as Administracions, e que se presenta un estado de gastos inferior en 240.000 euros respecto ó ano pasado aínda que nos ingresos tamen se dá a correlativa diminución. Tiñamos un estado de ingresos de 5.037.450 euros e pásase a 4.554.060,47 euros. Nos gastos de personal no capítulo 1 baixase vinte mil euros respecto do orzamentado o ano pasado respostando ás demandas de algúns voceiros da oposición que solicitaban que había que diminuír o cadro de personal. No capítulo de gastos correntes hai unha diminución de case cen mil euros e o mesmo no capítulo IV de transferencias correntes. Ademais diminúe a carga financeira algo que facemos todos os anos polo que do 49,3 % baixa o 43,27% o que significa unha diminución da débeda viva que nos permite ter estabilidade presupostaria e ademais nos permite recorrido para cumprir con diferentes compromisos que o concello ten contraídos e ós que debe facer fronte, para o que non descartamos as medidas que aprobou o consello de ministros como as operacións para pago a provedores. Traslados así mesmo ó pleno unha dúbida que tiñan co alumeado público xa que o contrato que existe para o mantemento do mesmo non inclúe tarefas de xestión e moitas veces incrementanse as facturas polas penalizacións que debe pagar o concello. Entón unha vez constatado que o aforro enerxético non o pode levar Bajama pois pensamos en poñer en marcha un proceso de aforro enerxético poñendo un electricista con dedicación exclusiva mirando cadros reconstruíndo fases e dedicándose a tratar de aforrar en



consumo. Pero seguimos tendo a dúbida polo que iremos co tema a unha xunta de voceiros e ver como a empresa de alumado publico pode tamen restar servizo os efectos de optimización do gasto e non limitarse a poñer e reparar farolas. Presentamos a enmenda para manter o contrato de alumado público hasta que entre todos analicemos a cuestión e vexamos a maneira de afrotar esta situación. Pero o contrato xa rematou e esta pendiente de saír a concurso de novo e mentres metimos un oficial electricista. Entón mentres non tomemos a decisión correspondente pois manteremos a partida que xa existía no estado de gastos. Esta é a proposta do grupo de goberno e iniciamos as intervencións dos grupos.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro do grupo NAL dicindo que o documento que hoxe se trae a debate e aprobación presenta un equilibrio presupuestario que fai que cumpla coa lei de estabilidade presupostaria: este Orzamento 2012 ascende 4.554.060,47 euros que con respecto ó de 2011 supón unha diminución do 10% no capítulo de ingresos e do 7 % no de gastos. Para nós o mais destacable no capítulo de ingresos é a actualización das ordenanzas fiscais, o IPC, a modificación da ordenanza reguladora da taxa para a distribución da auga incluíndo os enganches e la utilización de contadores, a modificación do incremento dos tipos impositivos del IBI pasando o IBI urbana del 0,55 ó 0,58 e a rústica del 0,70 al 0,73. En canto ó capítulo de gastos a partida do gasto de personal é de 1.691.272,94 euros e supón un 37% do presuposto. A partida para gastos correntes é de 1.793.929,52 euros e supón un 39 %. En canto ás inversións reais ascende a 532.972,17 euros o que supón un 17 % do presuposto, en canto ás obras e actuacións que se pretenden executar para este exercicio 2012 son as seguintes: con respecto ó POS da Deputación, “Reparación e mantemento de vías municipais” cun presuposto de 31.224,30 euros, a “Renovación da rede de abastecemento de auga potable Dos Castros” cun presuposto de 32.887,69 euros e ademais destínase para financiar unha parte dos gastos correntes a cantidade de 73.398,60 euros. Hai outras inversións que me gustaría destacar como son : A adquisición e expropiación de terreos, a ampliación do colexio CPI, paseo Chanteiro e outros 55.000 euros, contratos servizos axuda no fogar/dependencia 350.000 expropiación EDAR 42.000 euros ampliación de obras na praza da igrexa 45.360,79 euros remate da praza da Constitución 94.647,43 euros, ampliación da rede de abastecemento de Santa Eulalia 34.336,03 euros e cunha aportación municipal de 13.369,27 euros. Outro punto a destacar é a inversión nos puntos de luz con 38.000 euros. E con respecto á política de personal se dota unha praza de nova creación que e a de policía escala especial da administración do grupo C subgrupo C1. Outro aspecto novedoso neste documento é a creación da área de coordinación do PXOM ante a necesidade de buscar un consenso que garantice a redacción dun novo plan xeral, tan importante nestes momentos para os intereses do noso concello. Así chégase a un acordo entre o PSOE e o NAL para a creación dun departamento de coordinación de áreas que impulse, xestione e axilice toda a tramitación necesaria ata a aprobación definitiva do mesmo. Este departamento quedara formado polo coordinador de área, delegada de urbanismo, aparelador municipal, asesor técnico arquitecto e asesor municipal auxiliar administrativo.

Como sabemos polos datos que a carga financeira é do 43,27 % e da debida viva é 1.866.592 euros queremos facer fincapé e ademais recomendar que ante a situación da coxuntura



económica xeral que estamos atravesando hai que facer unha política de compromiso firme de austeridade onde o rigor e axuste sexa o denominador común da política do concello. Por ultimo direi que este documento conta con o apoio.

A continuación toma a palabra o voceiro do BNG; Sr. Mesias Farias, quen en primeiro lugar quere deixar constancia da incapacidade do Alcalde para establecer pontes de entendemento con noso grupo e para actuar cun talante positivo ante o acordo que adoptaramos na comisión de facenda de non celebrar o pleno no día de hoxe por motivos da axenda do meu compañeiro, que tiña unha reunión en Santiago de Compostela co Director Xeral de Industria como representante e presidente do comité de empresa que está a padecer un ERE no ámbito do biodiesel ó cal non se lle quere atopar solucións. Pero non quero perder mais tempo con esto; á vista do informe do Secretario creemos que o documento que se nos trae aquí hoxe debe quedar sobre a mesa xa que se di que se elaborou en base á liquidación do ano 2011 cando aquí se trae ata o mes de xuño e non do exercicio completo. Tampouco se fai referencia ó Real Decreto 4/2012 no senso de cómo vai afectar o citado decreto. Pero antes de que o pleno se manifeste sobre a nosa proposta vou manifestar de maneira clara o que representa: os orzamentos que nos presenta o PSOE e compañía son un insulto á sociedade e unha burla á situación económica que estamos a vivir. Os orzamentos para nos son o documento mais importante do ano, neles hai unha parte contable e outra parte política a primeira esta supeditada á filosofía política :isto é como se van invertir os diñeiros e como se van recadar. Pero si miramos este documento no global e no seu espírito decataremos que estamos ante un proxecto orzamentario que obvia os tempos nos que vivimos no sentido de que non ofrece ,e nen sequera arrisca, políticas de dinamización laboral hacia o tecido productivo Aresán. Sinxelamente non aparece. Se isto o lee unha persoa que quere saber onde van as políticas vertebradoras da economía local sinxelamente non atopará solución, por que o espírito e a filosofía destes orzamentos son asegurarse a maioría absoluta no pleno a cambio de contraprestacións económicas agora si, explicitas en dous apartados concretos e que benefician o grupo NAL. E imos ser contundentes e o mesmo tempo realistas :non é necesario crear unha praza de auxiliar do PXOM para realizar un documento do cal temos unha subvención da Xunta de arredor de 90.000 euros senón me equivoco e un equipo técnico profesional que ten que facer o seu traballo. Para os políticos quedanos a visión que teñamos de como debe ir o documento,as suxerencias o seguimento e a aprobación. Como tampouco e necesario habilitar un novo capítulo de indemnización por asistencia a reunión seguimentos do PXOM, nada mais e nada menos que 224,87 euros por reunión a mesma cantidade ,e aí ven a súa importancia, que cobran os membros do grupo de goberno polas Xuntas de Goberno. Eu me pregunto se a idea é facer tamen unha media de cinco reunións ó mes cunha duración de tres a cinco minutos. ¿de que maneira se van a xustificar estas medidas logo de dicir na súa toma de posesión que había que escoitar á xente que estaba a manifestarse nas rúas ou ó movemento do 15-M que reclamaba que por parte da clase política se estivese á altura das circunstancias? Isto é unha autentica tomadura de pelo e un insulto á sociedade. O grupo de goberno do Concello de Ares debe ser dos poucos que pola contra de facer xestos que poidan ser entendidos pola sociedade como un acto responsable en canto a situación



económica e social actual, no destino final dos diñeiros aumenta de forma considerable o gasto nos políticos membros do equipo de goberno incluído o NAL e no persoal de confianza que siguen *in crescendo*. A través deste documento orzanse favores persoais que chocan frontalmente cos intereses xerais e da veciñanza. Por este tipo de actuacións en Ourense a Baltar chamanlle cacique.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente: para responder ó voceiro do BNG que respecto dos orzamentos é unha opinión política e a respeta pero que coa data do pleno son inxustos, porque efectivamente a el se lle dixo o problema que había e intentou cambiala pero outro día faltaballe un do seu grupo e outro un do PP ,a segunda forza política,polo que enton tiña que priorizar e entón deixou a data oficial.

Continúan as intervencións co turno do voceiro do Partido Popular: Sr. Manuel Cendán, que o presuposto do 2012 a pesar de que baixou 345.000 e é mais realista despois de estudialo nos vemos que hai ingresos que non se van cumprir e non se ten en conta a situación actual de recesión que afectará o cobro de algúns impostos municipais. Respecto ós gastos da Alcaldía e do pacto de goberno con todas esas áreas que se están creando e inventando eu creo que o mais coherente coa cidadanía e levar ese acordo á comisión de goberno, pero cando falamos dos douscentos e pico de euros se fala dos concelleiros, xa que van asisitir tres concelleiros que non teñen adicación exclusiva.

Respostalle o Sr. Alcalde: que esta equivocado xa que solo cobra o coordinador de área,ó que o voceiro do partido popular resposta que é ilegal. Insiste o Sr. Alcalde que o voceiro do partido popular esta presupoñendo moitas cousas porque o único que vai ó pleno é esa coordinación e que o resto o esta inventando.

Continúa co seu turno de intervención o voceiro do Partido popular dicindo ó respecto que será o Secretario quen teña que dicir si efectivamente isto é legal; con respecto ós presupostos afirma que o PSOE conta unha situación irreal xa que o concello ten un impago de facturas ó redor de 2,5 millóns de euros, o que significa que a debida viva e a carga financeira vanse ó dobre: case o límite que permite a lei e que esa é a realidade do Concello de Ares e que se ve reflexada nas empresas e provedores que están desesperados ou con ERES como pode ser Concifa ou a empresa do lixo. Así os ingresos están inflados e non son realistas e os gastos están minorizados e por iso nos imos coincidir aínda que non no 100% coa postura do BNG que a aprobación deste presuposto se ten que pospoñer para despois do día 30 de marzo porque este ano temos que acometer este plan de axuste e o presuposto hai que adaptalo ó plan de axuste e á situación real do concello. Con respecto á Alcaldía e o equipo de goberno temos que dicir que aínda nesta situación de recesión teñen catro asesores, máis que todos os concellos da comarca, presupostando solamente a Alcaldía uns 170.000 euros incluíndo os catro asesores e a adicación exclusiva do Alcalde. Con respecto ó equipo de goberno que agora forman sete concelleiros dicir que supondrá 302.323,12 euros ó ano mentres que a oposición formada polo BNG e o PP terá un gasto de 21.600 euros, unha situación que se pode calificar de lamentable, xa que é mais do dobre do que custaban a alcaldía do PP que custaba ó ano



83.710 euros, o mesmo co plan xeral é a súa coordinación xa que cando nos o presentamos no 2005 non houbo tal nivel de gastos. Os medios actuais deberían ser mais que suficientes para xestionar o nivel actual de licencias e traballo. En relación coa emenda sobre o alumeadado público para nos é lamentable e non sei de quen foi a idea que o contrato deste electricista ia costar 25.610 euros e o contrato da empresa uns 28.800 euros pero poñendo o camiión e o material o que vai facer que se triplique o gasto porque levará un axudante e despois haberia que engadir os gastos de material. E no caso do barco que tanto deu que falar e este ano van outra vez 55.000 euros, cando un barco de alquiler custa escasamente 3000 euros con patrón e mariñeiro e aquí en Ares sairíamos ó mar escasamente vinte días no verán. Por iso con todas estas historias e escoitar falar de axuste presupostario ó voceiro do NAL ou a este equipo de goberno é lamentable, xa que ningún concello do arredor, nin Ferrol nin Neda nin Mugardos chega a estes gastos. Por eso dende o noso grupo pedimos que se lle de unha volta a estes presupostos e que se adapte xa este ano 2012 ó plan de axuste que imos estar cun agobio económico, que podedes ocultar unos días pero que o final se vai a ver. Aquí houbo un amaño dun grupo de goberno que se quere facer ficticiamente. Se queren pactar pacten, están no seu dereito pero non inflen vostedes para acomodar o seu segundo como asesor. Para iso xa están os técnicos e a empresa encargada. Por último insiste en que no capitulo de ingresos se vai a recaudar menos coa subida xa que a xente non vai poder pagar e que o exemplo como ten na escola taller que de vinte persoas a tres se lle embargou parte do soldo porque non podían pagar, e que temos que baixar gastos e reducir persoal.

Interrumpe o Sr. Alcalde para decirlle que non se pode falar media hora seguida, que non aprobara regulamento que aprobou e que con el falabase o xusto e lle indica que ten un minuto para rematar.

O voceiro do PP Manuel Cendán finaliza a súa intervención respostando que el nunca o aplicou e que había un voceiro que alargaba as intervencións tres horas e nunca pasou nada.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e comeza dicindo que esta clara a postura dos grupos aínda que alguna postura implica unha lectura política porque cada un pertence a un grupo e é loxico pero hai outras cuestións que non son moi correctas. En gastos de persoal diminúese a pesar de que apareza unha persoa mais no ámbito dos traballos do plan de urbanismo que é obxecto dun pacto entre dos grupos que pode gustar ou non pero é lexítimo. E para a coordinación de áreas establece unha indemnización pero aínda hai que creala. Pero a composición aínda non veu a pleno que era o que lle dicía a Manuel: cando vexas a composición terás que decidir algo. Porque esas comisións se crean en pleno o único que creamos e a indemnización. Logo veremos quenes forman parte dela. Pero esta claro que se crea unha comisión cun gasto total. Se indemniza a coordinación. Pero aínda así se diminúen os gastos de persoal e os gastos en xeral. Continua dicindo que el cando chegou á Alcaldía encontrouse cunha situación de que non estábamos ó día e nunha situación como esta foi imposible facelo. Debiáanse oito ou nove recibos a Fenosa e sigúense debendo, ó igual que sucede con outros casos. Eu atopeime cunha gran cantidade de facturas pendentes polos mobles deste concello ¿sabes canto costou o teu despacho Manuel so? 48.000 euros so o teu despacho, e o primeiro ano pactamos o



presuposto contigo e non pagamos e houbo que pagar aquí moitas cousas. E me ven o de Concifa con facturas sen conformar presentadas o 9.5.2007, e dicir un mes antes do cambio de goberno. Por realización de muros e alpendres en Lubre: 22.000,00 acondicionamiento de pluviales, bordillos agua baldosa calle retiro: 15.000, los Galgos: 6.000, Santa Barbara, travesias: 29.000 ,Redes :4000, Outeiro: 6000,lubre: 26.628 muro de hormigón finca de madrileño,muro parte alta de lubre...os muros que vemos subindo a lubre.Cervas 1000.Rua da Paz 4000.rectoral 2000.rebacheos: 41.000. Para esto hai que facer contrato e concurso non se poden adxudicar a dedo Curro: 5000,Mazaido: 5000,Mazote: 3000. Todas da mesma data 9.5.2007.Mourón: 4000, Rio:2000,Vistalegre: 2000.Lubre:10.000,mas Lubre 12.000. Mas Lubre :30.912.Escuelas Aresanas:3000, Centro de saude Pedros :”por traballos realizados en el centro de saude de Pedros” : 5000 euros, eu non coñezo ningún centro de saúde en Pedros. As Regueiras: 9.000. Total:300.000 euros. Aparecerá publicadas na lista abaixo pero non son miñas. Manuel di que non sabe nada que esas facturas e que as Encargou o Concelleiro de Urbanismo que agora van meter de asesor, e que non pagou esas facturas non porque non houbera cartos senon porque non lle quixeron aprobar o presuposto.

O Sr. Alcalde respotalle que igual foi porque non che deu tempo. Continúa co turno de palabra o Sr. Iglesias Redondo dicindo que se encontrou con moitas facturas e que fai o posible por pagalas como moitos concellos de España e aínda así afirma que dentro de todo iso non se esta tan mal. Os sucesivos gobernos deixaron unha serie de facturas e ó día non estamos pero contigo tampouco. Agora o 15 de marzo nos dan unha oportunidade de que liquidemos e vou coller as facturas e vou intentar facelo, gracias a que estamos no 43%,poderemos pagar todo isto. Senon, non poderíamos. Así datos obxetivos:discutibles.Criterio político de redistribución do gasto: vosa opinión é libre non vos ten porque gustar o pacto con NAL, ó igual que a coordinación pero que haxa un concelleiro reunido na sala de comisions día si e día non, convocando ós técnicos externalizados Fernando Delgado escoitando a vecinos e traballando como non vai ser obxecto de indemnización. É un traballo de chinos e non é nada que non exista noutros concellos incluídos do PP que empregaron esta fórmula pero non ten porque gustar pero é un pacto lexítimo e que se fai de forma transparente que será evaluado nas seguintes eleccións municipais.

Abrese o segundo turno de intervencións para fixar as posicións definitivas dos grupos e votar.

Comeza co segundo turno de palabra o voceiro do NAL D.Luis Cendán dicindo que comprende que os que non forman parte do acordo que se tomou en cuanto á redacción do plan non lles guste, pero cando houbo transparencia e publicidade non se poden derivar algunhas acusacións que aquí se fixeron, o que ademais sería unha torpeza por ambas partes. Pero ademais aquí se dixo que hai un pacto de goberno pero non é así o pacto é o que é pero si presento o presuposto como parte do pacto será que eu teñen algo que dicir ó mesmo. Por tanto claro que formo parte do acordo por este presuposto 2012. En canto ó tema das facturas,hai algunhas persoas que están acostumbradas a mentir e dicir medias verdade que quedan aí e hai que contestar. De esas facturas eu tiña coñecemento de algunhas pero de outras non tiña nin idea. En canto ós muros de Lubre, iso estaba presupostado, o que aparece deben ser actuacións a



maiores ou compromisos dos que eu non sei nada. En canto ó presuposto decir que se prorrogou porque esas facturas de Concifa non tiñan encaixe presupostario. A única discrepancia que había era unha inversión que se ia meter no presuposto do aforro enerxético para o alumado da entrada de Ares se mal non recordó dunha aportación municipal duns cen mil euros, e polo tanto so quedaba por encaixar esas facturas que Concifa presentaría mais tarde. E así hai que dicir as cousas como foron e non medias verdades. Eu podo dicir moitas cousas de onde se malgastou ou non sobre todo cunha persoa que agora rasgase as vestiduras pola contratación dunha persoa con gran experiencia e coñecemento do concello e tratase dunha medida que nos vai beneficiar a todos independentemente de que formara parte da lista do NAL, pero no acordó así se fixo. Eu lle pedín ó Alcalde se me podía acompañar esta persoa no tema do urbanismo xa que eu non domino este tema e esta persoa ten moita experiencia. Así que mais transparencia é imposible. Podese estar de acordo ou non co acordo pero non vou entrar noutro tipo de discusións. Reitero o noso apoio ó documento dos presupostos do 2012.

A continuación intervén o voceiro do BNG, Sr. Mesias Farias: que comeza dicindo que non é que non estén de acordo co pacto senon que o que pensamos que é ilícito son as consecuencias que este trae, xa que non están de acordo con que en tempos de crise como os actuais se destinen os cartos a un persoal que non é necesario pois aquí xa se fixeron outros plans de ordenación municipais e é certo que ten moito traballo pero é que aquí estamos para traballar. E aquí non houbo delegado coordinador de área e se fixeron reunións e si hai un equipo redactor que é profesional, eles teñen que facer o traballo.

En canto á pregunta que non se me respostou é que non fixo mención ó Real Decreto 4/2012 que si algo ten de positivo, para min o único, e que por fin vamos a saber de verdade o que se debe pero tamen digo que é unha estratexia do goberno do PP para que a culpa a leven os concellos da situación do país. O Goberno non ten culpa ningunha a culpa será dos concellos. Eu creo que a cousa esta clara: hai unha cuestión política que é na que non estamos de acordo sobre todo polos tempos de crise. En canto ó temas das prazas, no informe do Secretario a min non me queda claro. Antes de nada dicir que nos o ano pasado xa pedimos a plaza de interventor e ampliar a plantilla da policía local. Pero a día de hoxe, porque no informe do Secretario non esta claro, si eso é unha excepción. En canto á praza do Interventor coincidimos co que di o Secretario: é necesaria a praza de Interventor. Entón nos o que dicimos e que o orzamento non esta ben ou mal se esta axustado. Estará ben ou mal dependendo de a que se desvia o gasto. Entón a min me parece ben que non vai aumentar o gasto de persoal, que eu creo que non é así, pero hai que marcar unhas prioridades e saber que persoal nos fai falla e cal é prescindible, e noutro orde de cousas, temos que dicir que a plantilla de persoal de confianza xa esta chegando a uns límites increíbles, xa case hai un cargo de confianza por concelleiro. O que hai agora aquí é unha administración paralela. Disminúen os ingresos pero sin embargo aumenta o capítulo de gastos correntes. Eso nos non o acabamos de entender. Logo o Alcalde xustifica nunha comisión de Facenda que vai ser retribuída a praza de asesor do PXOM porque ten que estar aquí dúas mañás á semana que é moito traballo e total destina a mesma cantidade que destina a outro cargo de confianza que esta aquí os cinco días a tempo



completo. Outra cousa: esta persoa, non sei se vostede o sabe, anda polas parroquias con planos mirando de que son as terras, e eso a min me parece pouco serio, xa que esta tendo unha información que debe ser confidencial non vaia ser que despois aparezan cousas raras. E nada mais.

O voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: toma a palabra neste segundo turno para contestar algunhas cuestións, en primeiro lugar dan di que ninguén discute a lexitimidade do goberno, o que se discute é toda a parafernalia para acomodar unha persoa e incidir no Plan Xeral. Hai que buscar unha estabilidade de goberno cunha persoa que é a chave porque son sete votos e se mete na comisión de goberno. E si esa persoa ten que meter un asesor que o meta como o seu asesor. En canto ás facturas, pola miña experiencia sei que no concello de Ares esta mal economicamente non me fai falta ver facturas nin presupostos. Con menos persoal e máis ingresos xa nos costaba pagar e non estábamos ó día. Non fai falta ver nada. Porque dende o 2007 para aquí hai menos volume de traballo e máis persoal e hai que reducir persoal. E en canto ó que dixo o BNG de que o goberno lle vai botar a culpa os concellos pos non é así. O Plan E xa se tivo que plantexar para pagar isto: creábase máis emprego e mantíñanse as entidades locais solventes. En canto ás facturas eu non sabía nada o actual responsable do NAL levaba todo, eu podía pagalas se se me aprobaba o presuposto e se me votou en contra coa obra da Igrexa incluída que se aprobou dous meses despois igual que estaba. Nos imos pedir que este presuposto se deixe para despois do plan de axuste, despois de enviadas as facturas porque estes gastos non os ten ningún concello da comarca. Así que imos votar en contra.

A continuación pide a palabra o voceiro do BNG para respostar ó voceiro PP por alusións, e di que claro que os concellos deben cartos pero aquí se deixou facer non houbo unha fiscalización real das entidades locais e se deixou facer as cousas mal e veras como agora o goberno vai votar balons fora e se vai instaurar a idea na sociedade de que a culpa da crise a teñen os concellos, estratexia que xa levaron a cabo co tema dos funcionarios que se instaurou a idea de que son uns vagos e o goberno lle dá un pau ós funcionarios e a cidadanía aplaude.

De novo intervén o voceiro do PP dicindo que a debida dos concellos a nivel nacional é insignificante o verdadeiro problema está nas comunidades autónomas que son as responsables do endebedamento actual.

Neste punto o Secretario desexa facer unha puntualización respecto ás facturas de Concifa. O Real Decreto 4/2012 establece que as facturas deben ser vencidas liquidadas e exisibles non están conformadas no senso de que ninguén se fai responsable de que a prestación esta realizada logo imos aplicar a prescripción, sentíndoo moito por Concifa que tera que reclamar.

Neste punto o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: afirma que deixar sen pagar o que se fixo é lamentable.

Toma a palabra o Sr. Alcalde: é unha apreciación que fai o Secretario da Corporación e nos no seu moento veremos os informes técnicos e xurídicos relativos a estas e outras.



Fixadas as posicións por parte dos grupos simplemente puntualizar o dato de que as administracións públicas o que deben o pagan e o problema da débeda e a débeda privada. E o que mercou un piso e non pode pagalo o banco ten que executalo embargo e resulta que o publicar a subasta ve que non lle pagan o que pagou e ahí hai un burato que os bancos teñen que dixerir. O problema e a debeda privada non a pública. En canto a Bajama,nos fai pagar 60.000 euros mais de luz non sei onde esta o aforro cobra 20.000 pero pagamos sesenta mil mais de luz e cun electricista pagas tamen 25.000 pero os recibos baixaron 60.000. Bajama non fixo baixar os recibos os fixo baixar un señor que sabe Manuel entonces ¿ónde esta o aforro de Bajama? pagabamos sesenta mil euros o ano máis de luz porque non controlaba as fases; conectaba unha fase e aumentaba a potencia e penalización de Fenosa por consumo maior da potencia contratada. Con todos os respetos, Bajama nos endebedou.

O Sr.Manuel Cendán: pero iso non é responsabilidade de Bajama. A responsabilidade será do ingeniero que fai o proxecto.el leva o mantemento da línea.

Sendo as 11,23 horas do día o comenzo sinalado ausentase da Sesión o Concelleiro Sr. Fernández Permuy.

Sr. Alcalde: pero ahí esta a valoración contratar a alguen que poidera de facer o de Bajama aforrando que pasa que efectivamente pode facelo pero nos vemos sen camión pluma....etc e a razón pola que nos imos reunir para pensar este dato pero Bajama nos incrementou o recibo en 60.000 euros porque non controlaba as potencias das fases e iso e o único que nos fixo reflexionar, contratamos a alguen que revise todas as fases e que faga o traballo de Bajama por que Bajama de aforro enerxético non ten idea. Pero o imos reflexionar e nada mais as posicións políticas non vamos a discitir das diferentes maneiras de ver as cousas cando o Plan de urbanismo o fixo do PSOE co BNG había responsabilidade e o pacto tiña os seus costes. Habia a comisión de goberno había a organización...pois este pacto ten os seus costes cal é a diferenza Manuel ¿que se cobre por formar parte por formar parte do grupo de goberno?se esta no grupo de goberno cobra esa cantidade. Entonces non sei cal é o problema de que o cobre coa formula que se fixo en Neda. ¿porque? porque non temos un pacto de goberno temos un pacto apra facer o plan de urbanismo. E o artellamos asi, dixemos necesitamos un voto para aprobar o plan e o NAL dixo: se é o meu eu quero a responsabilidade da coordinación e nos aceptamos e é o primeiro concello que lle entrega a un grupo da oposición a dirección da redacción do PXOM en Ares a dirección da redacción do PXOM a esta levando un concellerio da oposición, non un do grupo de goberno ¿Porque? porque para formar parte do grupo de goberno teriamos que compartir moito mais e non e asi de momento compartimos que Ares necesita un Plan e que os veciños de Ares non poden estar esperando mais e en consecuencia o artellamos en coherencia co que estamos de acordo. Eu sei que con outras cousas non esta de acordo e asi nolo manifesta. E estamos traballando no plan de urbanismo dende fai tempo e se abstivo en cuestións importantes para o equipo de goberno porque non forma parte do grupo de goberno e eu o entendo.



Sr. Manuel Cendán: pero non e este caso Julio estamos falando dos presupostos e os presupostos que son o plan xeral? contemos a verdade.

Resposta o Sr. Alcalde: nos orzamentos negociamos pero o negociamos da base do pacto que temos que e en materia de urbanismo. Entonces o gasto e o mesmo non cambia nada se tiveramos un pacto de goberno o coste seria o mesmo pasaría a formar parte do grupo de goberno e seria o mesmo coste enton cal e problema si dunha maneira ou outra non aumentan os costes ¿e a fórmula? pois a fórmula e a que nos queremos.

Sr. Manuel Cendán: non pero non e así Julio che expliquei por activa e por pasiva, como se vai aprobar hoxe coas bases de execucion os concelleiros que non teñen adicación exclusiva van cobrar por acudir a comisión.

Sr. Alcalde: Hai meu deus está a comisión sin crear e dalle co tema bueno e igual.

Sr. Manuel Cendán: pero enteon tes que cambialo tes que facer unha modificación ahí

Sr. Alcalde : estouche dicindo que creo a indemnización, no seguinte pleno creo a comison, lee o informe do Secretario .hai que crear a comisión. En consecuencia fixadas as posicions procedemos a votar ¿Qué procedemos a votar primeiro?

Secretario: a enmenda.

Sr. Alcalde-Presidente: ¿a enmenda que se presentou non? E se se aproba a enmenda xa esta aprobado todo o presuposto incluído.

Sr. Manuel Cendán: nos pedimos e o Bloque que se pospuxera a súa aprobación.

Sometida a votación a proposta do P.P. de deixar pendente a aprobación, o Pleno do Concello por 5 votos a favor (4 P.P. e 1 BNG), e 7 votos en contra 6 PSdeG-PSOE e 1 NAL, acorda rechazala e 1 abstención do BNG Sr. Fernández Permuy (ausente).

Acto seguinte sometese a votación a enmenda e o Pleno do Concello por 7 votos a favor: 6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL, 1 voto en contra do Grupo Municipal do BNG e 5 abstencions do Grupo Municipal do PP e 1 do BNG Sr. Fernandez Permuy (ausente), acorda aprobala la emenda e consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobado con carácter inicial o orzamento para o exercicio de 2012, plantilla de persoal e relación de postos de traballo.

2º.- De conformidade co artigo 169 por remisión do 177 do R.D.L 2/2004 de 5 de marzo, expoñer a información pública o orzamento, plantilla e relación de postos de traballo polo prazo de quince días mediante Edicto publicado no B.O.P.

3º.- No caso de ausencia de reclamacións-alegacións o presente acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo.

**ESTADO DE GASTOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.691.272,54 €
2	Gastos de bens correntes e de servizos	1.793.929,82 €
3	Gastos financeiros	110.820,35 €
4	Transferencias correntes	196.065,94 €
5		0,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.792.088,30 €
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	532.972,17 €
7	Transferencias de capital	0 €
8	Activos financeiros	4.000,00 €
9	Pasivos financeiros	225.000,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	761.972,17 €
	TOTAL GASTOS	4.554.060,47 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	1.470.979,13 €
2	Impostos indirectos	80.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	782.664,60 €
4	Transferencias correntes	1.927.546,99 €
5	Ingresos patrimoniais	129.512,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	4.390.702,72 €
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Enajenación investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	152.845,75 €
8	Activos financeiros	10.152,00 €
9	Pasivos financeiros	00 €
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	163.357,75 €
	TOTAL INGRESOS	4.554.060,47 €

Na citada sesión, tamén se acordou aprobar a plantilla do persoal funcionario, laboral e eventual para o 2012 a cal é a que se detalla a continuación:

CADRO DE PERSOAL**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**



Categoría	Prog	Núm	Grupo	Subgr	Escala	Situación
Secretario	920	1	A	A1-A2	H. Nació.	Propiedade
Interventor	934	1	A	A1	H. Nació.	Vacante
Tesoureira	934	1	C	C1	Ad. Xeral	Vacante
Administrativo	920	4	C	C1	Ad.Xeral	2Pe2V
Auxiliar Administrativo	920	2	C	C2	Ad. Xeral	Propiedade
Auxiliar Administrativo	934	1	C	C2	Ad. Xeral	Propiedade
Oficial Xefe Policía Local	132	1	C	C1	Ad. Espec.	Propiedade
Policía Local	132	3	C	C1	Ad. Espec.	2 Pr. 1 Vac.
Psicólogo/a	231	1	A	A1	Ad. Espec.	Propiedade
Trabador/a Social	231	1	A	A2	Ad. Espec.	Propiedade
Arquitecto Técnico	151	2	A	A2	Ad. Espec.	Propiedade
Axente desenrolo local	241	1	A	A2	Ad. Xeral	Propiedade
Auxiliar Biblioteca	334	1	C	C2	Ad. Espec.	Propiedade

B) PERSOAL

LABORAL FIXO

Categoría

Prog Núm Titulación Situación

Director Técnico Deportivo	341	1	Lie. INEF	Propiedad
Capataz	453	1	Est. Prim	Propiedad
Chófer vehículos municipais	453	1	Est. Prim	Propiedad
Oficial 1ª	453	5	Est. Prim	Propiedad
Conserxe C.P.I. Conde Fenosa	323	1	Est. Prim	Propiedad
Limpadoras	920	3	Est. Prim	Propiedad

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Categoría	Prog	Núm	Titulación	Situación
Educadora Social	231	1	Diplom.	Temporal
Auxiliar Advo.	231	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Ludoteca	323	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Urbanismo	151	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Servizos Ec.	934	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Servizos Xer.	920	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Sec. Xulgado T/parcial	920	1	ESO	Temporal
Auxiliares Policía Local	132	4	ESO	2 Tem. 6m, 2 Tem. 3m
Socorristas servizo praias	134	2	ESO	Temporal 3m
Auxiliar Centro 3ª idade	231	1	ESO	Temporal
Peóns Servizos	453	3	Est.Prim	Temporal
Axente Telecentro	334	1	Bach/FP2	Temporal
Axente Desemprego Local	241	1	Diplom.	Temporal
Oficial-Electricista	165	1	FP2	Temporal

D) PERSOAL EVENTUAL-CONFIANZA

Categoría

Prog. Núm.

Titulación. Situación.

Auxiliar Administrativo Alcaldía	912	1	ESO	Temporal
----------------------------------	-----	---	-----	----------



Auxiliar de comunicación Alcaldía	912	1	ESO	Temporal
-----------------------------------	-----	---	-----	----------

Auxiliar Administrativo PXOM.-Infraest,	912	1	ESO	Temporal
---	-----	---	-----	----------

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e coarenta e cinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,